NORMATIVA PARA A REGULACIÓN DOS CONCURSOS DE PDI CON CARGO A PROXECTOS, AXUDAS, GRUPOS E CONVENIOS DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO (Aprobada en Consello de Goberno do 5 de abril de 2022)

Capítulo I. Disposicións Xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

A presente normativa regula os procedementos polo que deben rexerse a selección e contratación de persoal que sexa contratado con cargo a fondos económicos procedentes de:

a) Axudas e subvencións para a realización de proxectos específicos de I+D+i, acadadas nas correspondentes convocatorias competitivas dos planes e programas públicos de I+D+i, ou en xeral convocatorias públicas que teñan como destinatarios as universidades e centros de investigación universitarios.

b) As relacións de colaboración que se establezan entre as universidades e outras entidades públicas ou privadas no marco do regulado na LOU.

c) Os convenios de colaboración aos que se refire o artigo 34 da LCTI.

d) Calquera outra vía de financiación non incluída nas anteriores e que permita a contratación de persoal, exceptuando os programas específicos de recursos humanos de investigación.

Artigo 2. Modalidade contractual

O persoal ao que se refire a presente normativa estará vinculado coa Universidade de Vigo mediante unha relación suxeita ao dereito laboral, utilizando algunha das figuras recollidas na lexislación laboral vixente.

Artigo 3. Principios dos procedementos de contratación

1. De acordo co artigo 75.2 dos Estatutos da Universidade de Vigo, a selección do persoal a contratar realizarase mediante concursos públicos coas necesarias garantías de publicidade e transparencia, e que se resolverán respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade.

2. Tendo en conta a Estratexia Europea en recursos humanos para a investigación (HRS4R) coa que se alínea a Universidade de Vigo, os procesos e procedementos de contratación deben tamén axustarse aos principios do Código de Conduta para a contratación de investigadores, baseado en procesos abertos, transparentes e baseados no mérito (OTM-R: *Open, transparent and merit-based recruitment*)

3. Os procedementos de selección do persoal investigador terán en conta as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, garda con fins de adopción,

acollemento, risco durante a lactación e paternidade, nos termos que estableza a normativa xeral de aplicación, co fin de garantir a igualdade de oportunidades.

Capítulo II. Convocatorias

Artigo 4. Bases da convocatoria

1. O obxectivo de cada convocatoria é cubrir programas, proxectos, accións ou actividades que requiran a contratación de persoal laboral mediante financiamento externo obtido a través da participación en convocatorias públicas o privadas, subscrición de convenios, concesión de subvencións, entre outras.

2. A proposta da cada convocatoria será realizada polas persoas investigadoras principais, mediante solicitude dirixida ao servizo ou unidade responsable da provisión de postos do persoal investigador.

Artigo 5. Prazas ofertadas

1. A praza ou prazas ofertadas incluiranse como anexos en cada convocatoria. As persoas investigadoras principais terán que completar a solicitude de contrato con cargo a partidas orzamentarias para a investigación a través da aplicación informática de soporte ao procedemento de contratación. Dita solicitude tan so conterá os datos específicos das prazas a ofertar, que inclúen:

- Denominación do posto.
- Condicións, lugar de traballo e categoría do contrato, así como información salarial e outros beneficios sociais.
- Data prevista de inicio e, de ser o caso, de finalización.
- Número de contratos ofertados.
- Especificacións do traballo a realizar.
- Unidade de contratación.
- Requisitos dos solicitantes.
- Procedemento e prazo de presentación de solicitudes.
- Composición da Comisión de Selección.
- Criterios de selección e peso de cada un deles.
- Datos de contacto.

2. A unidade administrativa correspondente revisará a corrección das solicitudes e a existencia de crédito suficiente para a contratación.

Artigo 6. Publicación da oferta de prazas

1. Para cada oferta de prazas o servizo ou unidade responsable da provisión de postos do persoal investigador xerará e publicará a correspondente convocatoria de concurso público para a selección de persoas a contratar na súa sede electrónica, que será tamén o lugar de publicación de todas as resolucións aos efectos de notificación.

2. O procedemento indicado no punto 1 deste artigo incluirá a publicación, por parte da unidade ou servizo correspondente, da convocatoria na plataforma EURAXESS (https://euraxess.ec.europa.eu). Isto supón que o anuncio deberá publicarse en inglés.

3. A convocatoria xerada pola unidade ou servizo incluirá as oportunas referencias ás políticas OTM-R, de igualdade de oportunidades e de protección de datos de carácter persoal da Universidade de Vigo.

Artigo 7. Requisitos dos solicitantes

1. Tódalas persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos na data de finalización de presentación de solicitudes e mantelos durante a duración do contrato:

a) Ter a nacionalidade española ou calquera outra á que as normas do Estado atribúan iguais dereitos a efectos laborais na Administración Pública.

b) Dispor da titulación indicada e cumprir o resto de requisitos publicados coa convocatoria da praza.

c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento das correspondentes funcións ou tarefas.

e) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos e cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, na que fora separado ou inhabilitado.

   No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

2. Non se esixen requisitos específicos no referente á nacionalidade ou residencia das persoas aspirantes para a participación nos concursos. Non obstante, a contratación de persoas investigadoras estranxeiras de países non comunitarios, que se formalizará aos únicos efectos de realización de tarefas de investigación o técnicas, requirirá a presentación, no momento da sinatura do contrato, do permiso de residencia e autorización de traballo por conta allea, ou con excepción de dita autorización, de acordo coa Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social e disposicións regulamentarias de aplicación. Aos efectos da xestión, por conta do traballador seleccionado, da documentación correspondente para a obtención destes permisos, o servizo correspondente elaborará unha proposta de contratación que será remitida ao interesado.

3. As persoas aspirantes non deberán estar incursas en ningunha das causas de incompatibilidade previstas na lexislación vixente sobre incompatibilidades para contratar coa Administración Pública.

Artigo 8. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes das persoas interesadas, acompañadas pola documentación sinalada nas bases da convocatoria, deberá presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo.

2. As solicitudes dirixiranse ao reitor da Universidade de Vigo conforme ao modelo establecido acompañado da documentación necesaria para poder participar na selección e avaliación de candidaturas que incluirá, ademais da documentación específica que se solicite na convocatoria, a seguinte:

a) Curriculum vitae

b) Declaración responsable de cumprimento dos requisitos e da veracidade dos datos aportados no curriculum vitae

3. O servizo ou unidade responsable da provisión de postos do persoal investigador poderá solicitar aos candidatos seleccionados os documentos orixinais xustificativos dos requisitos e dos méritos declarados.

Artigo 9. Admisión de participantes

1. O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da oferta, aínda que determinadas convocatorias poderán establecer un prazo máis longo, cando así se estime conveniente.

2. Recibidas as solicitudes polo servizo ou unidade responsable da provisión de postos do persoal investigador, este os porá a disposición da comisión correspondente, que os revisará conforme ao establecido nas bases desta convocatoria e publicará a lista provisional de persoas admitidas e excluídas coa súa causa de exclusión se a documentación achegada fose incompleta ou contivese erros subsanables.

3. As persoas solicitantes non admitidas disporán dun prazo de 3 días hábiles para reclamar e emendar a súa solicitude. Nesta fase do procedemento non se poderán reformular as solicitudes presentadas.

4. Unha vez resoltas as reclamacións por parte da comisión, esta remitirá ao servizo ou unidade responsable da provisión de postos do persoal investigador a lista definitiva de admitidos e excluídos para a súa publicación.

Capítulo III. Avaliación e fase de selección

Artigo 10. Forma de provisión

A forma de provisión será o concurso de méritos, mediante a valoración dos méritos indicados na convocatoria para a praza en cuestión.

Artigo 11. Comisións de selección

1. Constituirase unha comisión para valorar os méritos dos candidatos, cuxa composición será publicada no anexo de cada convocatoria. Dita comisión estará constituída polo investigador principal solicitante, que a presidirá, e dous expertos no ámbito do traballo a realizar cunha titulación igual ou superior á requirida para a praza convocada, actuando un deles como secretario.

2. Ditas comisións contarán, con carácter xeral, coa presenza dun mínimo dun membro de cada sexo. Todos os membros da Comisión serán persoal da Universidade de Vigo e estarán suxeitos ao cumprimento da lexislación vixente sobre as razóns da abstención e a descualificación. No caso de que se dea esta situación publicarase unha Resolución que nomee aos novos membros da comisión de selección.

3. No caso de que se estime conveniente para o adecuado funcionamento das comisións de selección, poderán nomearse suplentes, que deberán cumprir os mesmos requisitos que os membros titulares. Así mesmo, a comisión poderá solicitar informes a expertos externos para a adecuada valoración dos candidatos.

Artigo 12. Criterios de valoración

1. A Comisión valorará os méritos establecidos con carácter xeral, que se fixarán mediante a aprobación dos correspondentes baremos en función das categorías de contratación, consonte ao establecido no artigo 26 do II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, ademais dos específicos que poidan ser establecidos en cada convocatoria.

2. Os criterios específicos de avaliación de cada convocatoria incluiranse dentro da información de cada praza no anexo correspondente e poderán incluír, entre outros, a experiencia e formación profesional relacionada co obxectivo e funcións do posto e co traballo a desenvolver.

3. As comisións de valoración estarán facultadas para determinar se é necesario, segundo o número de participantes, a realización dunha entrevista, que poderá ser presencial ou virtual, e a puntuación mínima requirida na escala de méritos para a súa realización, sendo aqueles solicitantes que non o acaden eliminados do proceso selectivo.

4. A convocatoria para as entrevistas comunicarase aos candidatos con, polo menos, 48 horas de antelación. Xunto coa convocatoria das entrevistas, publicaranse os criterios de avaliación que se aplicaran nelas.

Capítulo IV. Resolución e formalización

Artigo 13. Resolución

1. A comisión de selección terá un prazo de 7 días hábiles desde a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos para facer a proposta de adxudicación, que deberá remitirse para a súa publicación ao servizo ou unidade responsable da provisión de postos do persoal investigador no prazo máximo de 3 días hábiles desde a súa adopción. Esta proposta recollerá a orde de prelación das persoas aspirantes consideradas aptas xunto coa puntuación acadada.

2. A comisión de selección poderá declarar nulo o concurso cando os méritos dos candidatos non se axusten ao perfil da praza.

3. A resolución de adxudicación do contrato, de acordo coa proposta de provisión, será asinada polo vicerreitor ou vicerreitora con competencias en materia de investigación e/ou transferencia, por delegación do reitor ou da reitora, e indicará o prazo para que a persoa seleccionada formalice o contrato.

4. Dita resolución de adxudicación, que será publicada polo servizo ou unidade responsable da provisión de postos do persoal investigador xunto coa proposta da comisión, poderá ser recorrida mediante recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes desde a súa publicación, ou directamente a través da acción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte a aquel en que ten lugar a súa publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo.

5. A relación ordenada de persoas declaradas aptas na proposta de provisión que non resulten adxudicatarias do contrato constituirá unha lista de agarda para asegurar a cobertura do contrato, e tamén poderá ser utilizada para a provisión doutras necesidades de persoal que poidan xurdir na mesma liña de investigación. A xestión destas listas de agarda rexerase polo procedemento que a Universidade de Vigo estableza, con carácter xeral, para as listas de agarda de PDI.

Artigo 14. Formalización

1. O contrato de traballo será formalizado coa sinatura do vicerreitor ou vicerreitora con competencias en materia de investigación e/ou transferencia.

2. No acto de presentación para a firma do contrato, a persoa proposta deberá aportar a seguinte documentación: fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte para estranxeiros, datos bancarios, fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social e orixinal e fotocopia da súa titulación académica. Tamén entregará o documento que acredite o non exercer ningunha actividade suxeita a incompatibilidade.

3. As persoas seleccionadas que estean en posesión dun título estranxeiro deberán entregar, no momento de sinatura do contrato, a declaración de equivalencia á titulación e nivel académico esixido na convocatoria na que foron seleccionados, ou a homologación no suposto de títulos que habiliten para unha profesión regulada, de conformidade co Real Decreto 967/2014, do 21 de novembro.

Artigo 15. Rexistro

1. O servizo ou unidade responsable da provisión de postos do persoal investigador encargarase da xestión do expediente administrativo asociado ás contratacións contempladas na presente normativa, no que deberá figurar, a lo menos, a seguinte información: tipo, retribución e data de inicio do contrato, o proxecto, grupo, axuda ou convenio no que se produce a contratación, persoa investigadora responsable, centro e departamento de adscrición da persoa contratada, así como calquera outra información que se consideren necesaria para a correcta xestión destas contratacións.

2. O expediente administrativo recollerá tamén a documentación relacionada coa actuación da comisión de selección correspondente: solicitudes recibidas, actas, proposta de provisión e, se é o caso, recursos presentados. Esta documentación será proporcionada pola persoa que actúe como secretaria da comisión unha vez finalizada a actuación de esta.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

O persoal contratado na modalidade contemplada na presente normativa pertence ao sector do Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo, e adscribirase ao Departamento e ao Centro ao que o estea a persoa investigadora principal responsable da contratación aos efectos dos seus dereitos electorais, así como de calquera outro dereito que teña recoñecido.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

Mentres non estea dispoñible a aplicación informática de soporte ao procedemento de contratación regulado nesta normativa, este implantarase mediante a utilización de formularios normalizados, que serán tramitados a través da sede electrónica da Universidade de Vigo.

ENTRADA EN VIGOR

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.